

CURSOS GALICREQUES 2010

Curso: Internet útil para as Artes Escénicas. O reto dun novo modelo social. Curso práctico de Internet para persoas do mundo das Artes Escénicas

Impartido por: José Bolorino (Analista programador e desenvolvidor web, especializado no mundo das Artes Escénicas. Fundador de www.titerenet.com)

Duración: 6 horas

Datas: do 6 ao 8 de outubro de 2010

Horario: de 10.00 h. a 12.00 h.

Lugar: Arteria Noroeste (rúa das Salvadas, 2 A. Parque Vista Alegre. Santiago de Compostela)

Prezo: 50 €

Prezo reducido (socios de UNIMA): 25 €

Prazas: 12 persoas



Presentación

Un curso introdutorio e revelador que expón con claridade as deficiencias do mundo das Artes Escénicas ante o reto que presenta Internet como un novo modelo de comunicación, pero tamén a solución para resolvelas dende un enfoque práctico.

Orientado a compañías teatrais e xestores culturais, este curso desvela en tres sesións os principais puntos para eliminar o desconcerto e os misterios que presenta Internet á xente do teatro, cun enfoque práctico que lles permitirá rendibilizar a súa presenza en Internet en todos os sentidos, evitando os erros máis comúns.

Os participantes obterán os coñecementos necesarios para afrontar cunha estratexia clara a súa presenza en Internet.

Contidos do curso

Día 1

- . A situación das Artes Escénicas en Internet
- . Demostración empírica
- . Buscadores
- . Redes sociais
- . Sitios web
- . Que é (de verdade) Internet e como funciona
- . Aproximación técnica
- . Aproximación social e cultural

Día 2

- . Internet útil
- . Para que serve?
- . Unha nova relación co público
- . Redes sociais (twitter, facebook)
- . Blogs
- . O verdadeiro sentido dun sitio web teatral
- . Sitio web bo vs sitio web malo no teatro
- . Para quen é a túa web?
- . O que ten que ter a túa web

Día 3

- . A presenza en Internet para unha compañía teatral
- . Un sitio web
- . Unha web non é un folleto
- . Como deixar de tirar o diñeiro
- . Empezar polo básico
- . Cuestións técnicas (doadas)
- . É a información, estúpido
- . Servizos gratuítos
- . Servizos profesionais
- . Análise e métricas (que está a pasar na nosa web e por que nos interesa sabelo)

REFERENCIAS

<http://www.bolorino.net>
jose@bolorino.net

José Bolorino (Málaga 1973) é Analista programador e desenvolvedor web, especializado no mundo das Artes Escénicas.

Fundador en 1999 do que foi o maior sitio en Internet relacionado co mundo do teatro (www.titerenet.com con máis de 120.000 visitas mensuais).

Traballa dende 2001 como asesor tecnolóxico e desenvolvedor web para compañías como *Provisional Danza / Carmen Werner* ou *Marimba Marionetas*, ademais de desenvolver traballos para decenas de compañías, festivais e empresas de xestión cultural. No mundo teatral traballou durante anos como actor, titiriteiro, iluminador e programador teatral para a *Universidade de Málaga*.